

XESTIÓN DE OBRIGAS, INCUMPRIMENTOS E MEDIDAS DISCIPLINARIAS

COPIA CONTROLADA: Non Si: nº _____ Assignada a: _____ Data: _____

**PROCEDEMENTO PARA A
XESTIÓN DE OBRIGAS, INCUMPRIMENTOS E MEDIDAS
DISCIPLINARIAS**

MODIFICACIÓNS RESPECTO DA EDICIÓN ANTERIOR:

- Regúlase a comunicación coa Autoridade Competente. .

Elaborado polo Xestor da Calidade:

Revisado e aprobado polo Presidente:

Asinado: Antonio E. Pérez Méndez.

Asinado: Francisco López Valladares

ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENCIAS
- 4.- REALIZACIÓN
 - 4.1.- Natureza dos incumprimentos.
 - 4.2.- Clasificación dos incumprimentos.
 - 4.3.- Consecuencia dos incumprimentos.
 - 4.4.- Expediente de Regularización.
 - 4.5.- Acordo de Regularización.
 - 4.6.- Protección de intereses.
 - 4.7.- Colaboración coas administracións.
- 5.- ANEXOS

1. OBXECTO.

O presente procedemento ten por obxecto establecer os mecanismos de xestión das obrigas, incumprimentos e medidas para adoptar, e que afectan aos Operadores Inscritos nos Rexistros do CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (dende agora, C.R.A.E.GA).

2. ALCANCE.

Este Capítulo aplícase a todas aquelas actividades realizadas polos Operadores Inscritos no C.R.A.E.GA e que afecten ao seu proceso de certificación.

3. REFERENCIAS.

- Manual de Calidade do C.R.A.E.GA, Capítulo 11.
- Regulamento de Funcionamento.
- Norma UNE-EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para organismos que certifican produtos, procesos y servicios”.

4. REALIZACIÓN.

Os dereitos e obrigas que deben asumir os Operadores para utilizaren a marca da Denominación están recollidos no Regulamento de Funcionamento do C.R.A.E.GA, concretamente no Capítulo 3. A inscrición nos rexistros do C.R.A.E.GA. implica a aceptación formal, por parte do concesionario, destes dereitos e obrigas.

4.1 Natureza dos incumprimentos.

Os incumprimentos por parte dos Operadores Inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA clasifícanse segundo a súa natureza en:

- Incumprimentos das obrigas de información ao C.R.A.E.GA.
- Incumprimento no proceso produtivo, elaborador, transformador, comercializador ou importador.
- Incumprimento consistente no uso indebido da Denominación de Agricultura Ecolóxica.
- Incumprimento consistente na obstrución das tarefas inspectoras, de control ou de goberno do C.R.A.E.GA.
- O non pago de calquera das cotas obrigatorias de pagamento por parte dos operadores por servizos prestados polo C.R.A.E.GA.

- Non asumiren as obrigas que se puideren derivar de participaren nos procesos electorais para a renovación do Pleno do C.R.A.E.GA.

4.1.1. Incumprimento das obrigas de información ao C.R.A.E.GA.

- a) Falsear ou omitir datos e comprobantes nos casos en que foren requiridos para a súa inscrición nos distintos rexistros ou no mantemento da certificación
- b) Non comunicar inmediatamente ao C.R.A.E.GA calquera variación que puider afectar aos datos subministrados no momento da inscrición nos rexistros.
- c) Omitir ou falsear datos na documentación relativa ás producións ou aos movementos de produtos.
- d) A falla de presentación en prazo ou a falsificación de calquera declaración ou comunicación obrigatoria ao C.R.A.E.GA que estea establecida no presente Regulamento ou neste Manual. Considérase “sen pago” cando o prazo de pago de unha taxa ó a entrega da documentación que sexa necesaria para facturar unha taxa, supera os 90 días.

4.1.2. Incumprimentos no proceso produtivo.

Os incumprimentos por parte dos Operadores Inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA respecto ao proceso produtivo consisten en:

- Non conformidades cos puntos de verificación da *Check-list*.

4.1.3. Incumprimentos consistentes no uso indebido da Denominación de Agricultura Ecolóxica:

- a) Empregar razóns sociais, nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas que fagan referencia ao C.R.A.E.GA, ou referencias á produción ecolóxica, na comercialización de produtos non protexidos.
- b) Empregar os Signos distintivos do C.R.A.E.GA para produtos non elaborados, envasados e conservados conforme ás normas establecidas pola lexislación vixente e polo regulamento do C.R.A.E.GA.
- c) Empregar os Signos distintivos do C.R.A.E.GA para produtos non controlados nas súa produción, elaboración, envasado e conservación polo C.R.A.E.GA, independentemente das características dos produtos.
- d) Empregar nomes comerciais, marcas ou etiquetas non aprobadas polo C.R.A.E.GA.
- e) Utilizar ou negociar indebidamente con documentos, etiquetas, contraetiquetas, selos, entre outros, propios do C.R.A.E.GA.
- f) Non ter solicitado autorización ao C.R.A.E.GA para o uso das etiquetas comerciais, antes da súa posta en circulación, de acordo co recollido no Artigo 13 do Decreto 4/2007, do 18 de Xaneiro.

Non ter solicitado a autorización para a utilización de material promocional que inclúa o logotipo ou referencias ao C.R.A.E.GA.

Non ter agardado á súa aprobación por parte do C.R.A.E.GA. para a súa posta en circulación.

- g) Non respectar as obrigas, no caso de suspensión da certificación ou baixa no C.R.A.E.GA, no que atinxe á devolución do material de control.
- h) En xeral, calquera acto que contraveña o disposto nas normas de produción, ou nos acordos do C.R.A.E.GA, e que prexudique ou desprestixie ao C.R.A.E.GA, ou supoña un uso indebido deste que prexudique os intereses do colectivo que representa.

4.1.4 Incumprimentos por parte dos Operadores consistentes na obstrución das tarefas inspectoras, de control ou de goberno do C.R.A.E.GA.

- a) A negativa ou resistencia a subministraren os datos e a facilitaren o acceso á documentación requirida polo C.R.A.E.GA, ou polos seus técnicos vedores, para o cumprimento das funcións de inspección e control nas materias ás que se refire o regulamento da Denominación; tamén se inclúen as demoras inxustificadas para facilitaren estes datos, información ou documentación.
- b) A negativa á entrada ou permanencia dos técnicos do Órgano de Control do C.R.A.E.GA ás instalacións inscritas e aos seus anexos.
- c) A resistencia, coacción, ameaza, represalia ou calquera outro xeito de presión sobre os técnicos do Órgano de Control e persoal laboral do C.R.A.E.GA, sobre os membros do Pleno e sobre os demais órganos que o compoñen, coma o Comité de Cualificación, ou sobre calquera outro que nalgún momento determinado ostentar algún grao de representación ou delegación necesaria do C.R.A.E.GA; tamén se inclúe a tentativa de exercer tales actos.

4.2. Clasificación dos Incumprimentos.

Os incumprimentos cometidos polos operadores inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA, e que correspondan á natureza reflectida nos puntos 4.1.1, 4.1.3, 4.1.4. clasifícanse do xeito seguinte:

- Incumprimentos Leves.
- Incumprimentos Graves.

4.2.1. Considéranse incumprimentos Leves:

- a) Cando se trate de simples irregularidades na observancia das regulamentacións, sen transcendencia directa para os consumidores ou non supoñan beneficio especial para o infractor.
- b) Cando non impidan ou limiten directamente o exercicio das funcións inspectoras, de control, administrativas ou de goberno do C.R.A.E.GA e dos seus órganos.
- c) Que non causen prexuízo económico a ningún outro Operador Inscrito nos Rexistros do C.R.A.E.GA.
- d) Que non resulten un prexuízo económico para o C.R.A.E.GA.
- e) Cando se probe que non existiu mala fe.

4.2.2. Considéranse incumprimentos Graves:

- a) Cando se produza reiteración na negativa a facilitar información, prestar colaboración ou permitir o acceso á documentación.
- b) Cando o incumprimento teña transcendencia directa sobre os consumidores ou supoña un beneficio especial para o infractor.
- c) Cando non se subsanen os defectos no prazo sinalado polo C.R.A.E.GA.
- d) Cando o incumprimento se produza por unha actuación gravemente negligente, con inobservancia das normas de actuación expresamente acordadas polo C.R.A.E.GA.
- e) As actuacións recollidas no Apartado c) do Punto 4.1.4, deste capítulo, sempre serán consideradas como Incumprimento Grave.
- f) Cando supoñan un prexuízo económico para outros Inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA
- g) Cando supoñan un prexuízo económico para o C.R.A.E.GA.

Os incumprimentos cometidos polos operadores inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA, e que correspondan á natureza reflectida no Punto 4.1.2, clasifícanse do seguinte xeito:

- Leves.
- Graves.
- Moi graves.

Na ficha de cada punto de verificación (da Instrución Técnica 01) determinaranse as posíbeis cualificacións que puideren implicar incumprimentos; a súa clasificación será decisión do técnico que realice a visita.

No caso de reincidencias de non conformidade no mesmo punto de verificación, incrementarase nun nivel a súa cualificación.

4.3. Consecuencias dos Incumprimentos.

4.3.1 Os incumprimentos cometidos polos operadores inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA, e que correspondan á natureza reflectida nos puntos 4.1.1, 4.1.3, e 4.1.4, terán as seguintes consecuencias:

- a) En relación co incumprimento das obrigas dos operadores non relacionadas coa certificación (entrega de documentación fora do prazo, como as exaccións de vendas e ouros, retraso no pago de facturas, etc.) establecece:

Que, requiridos os operadores por correo certificado con acuse de recibo, para que acrediten o cumprimento das súas obrigas pendentes por prazo de dez días, si o requirimento no fose puntualmente atendido, se procederá a suspensión temporal nos dereitos dos inscritos que non estean a o día no cumprimento das súas obrigacións administrativas, ben ata que regularicen completamente súa situación, ou ben ata que transcorra o prazo máximo dun ano en situación de suspensión. En todos estes casos se aplicará un recargo da taxa do 30% segundo establecece no Regulamento de Funcionamento.

Transcorrido dito ano dende a data da suspensión, sen que o operador teña regularizada a súa situación, procederase a la baixa definitiva do mesmo. Todo elo de acordo co establecido no Regulamento de Funcionamento do CRAEGA (artigos. 11.1.a) y 18.a)) e no Manual da Calidade.

b) Os incumprimentos de obrigas administrativas darán lugar á fixación dun prazo para presentaren a documentación omitida, e corrixan as anomalías detectadas, corrección que acreditarán ante o C.R.A.E.GA. Se, en virtude da presentación ou correccións requiridas, se puxeren de manifesto outras anomalías, estas darán lugar ás consecuencias que correspondan de acordo co presente procedemento.

c) Os incumprimentos que correspondan ao punto “g” do apartado 4.1.3 que impliquen a non devolución do material de control, así como a non retirada das indicacións de conformidade nos produtos e na publicidade por parte do operador que se dá de baixa, o C.R.A.E.GA informará á Autoridade Competente despois de transcorrer dez días hábiles desde a recepción da resolución de baixa.

Se o operador se atopar en suspensión da certificación, a non devolución do material de control, despois de lle seren requiridas por escrito polo C.R.A.E.GA a devolución do certificado de conformidade e do material de control, e a retirada das indicacións de conformidade en produtos e publicidade, no prazo de dez días hábiles desde a recepción do citado comunicado, o C.R.A.E.GA porá este feito en coñecemento da Autoridade Competente. Ademais, o inspector poderá tomar as medidas cautelares e preventivas asignadas no Capítulo VI da Lei 2/2005 do 18 de Febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Ademais da comunicación á Autoridade Competente, por todo uso abusivo do logotipo, o C.R.A.E.GA. ten o dereito a iniciar, dentro do marco da lexislación vixente, toda acción xudicial que estime oportuna.

A consecuencia destes incumprimentos poderá ser a suspensión, por período dun ano, dos dereitos do inscrito, ou a baixa nos rexistros despois da instrución do correspondente expediente.

4.3.2. Os incumprimentos cometidos polos operadores inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA, e que correspondan á natureza reflectida no Punto 4.1.2, terán as seguintes consecuencias:

No informe da auditoría, cuantifícase o número de incumprimentos e o seu tipo (leves, graves ou moi graves). A acumulación de tres incumprimentos da mesma categoría equivalerá a un incumprimento de categoría superior.

Os operadores deberán presentar, á recepción do informe da auditoría e no prazo dun mes, un plan de accións correctoras ou aquelas evidencias que estimaren oportunas e que puideren indicar a resolución das non conformidades ou que estas están en vías de solución.

No caso de solicitudes de inscrición, ou se tiveren non conformidades cualificadas como moi graves ou por acumulación chegaren a esta equivalencia, o expediente será revisado polo Comité de Certificación para a consideración ou reconsideración da situación da súa certificación.

Nos demais casos, a Dirección Técnica valorará o plan de accións correctoras ou aquelas evidencias que estimar oportunas e que puideren indicar a resolución das non conformidades ou que estas están en vías de solución; no caso de seren satisfactorias, informará positivamente para a renovación da certificación.

Comunicación coa autoridade competente:

Segundo o establecido no artigo 9.2 do Regulamento de execución (UE) 2021/279 da Comisión, o CRAEGA, ademais da obriga de informar contemplada no artigo 32, letra b), do Regulamento (UE) 2017/625, o CRAEGA notificará de inmediato á Autoridade Competente calquera presunto ou probado incumprimento que afecte á integridade dos produtos ecolóxicos ou en conversión. Así mesmo, facilitará calquera outra información requirida pola devandita autoridade competente.

En cumprimento do disposto no artigo 64.2 d) do Decreto 4/2007, a Autoridade Competente será informada no prazo máximo de 5 días da existencia de irregularidades relevantes detectadas no exercicio das funcións de control, así como da suspensión ou retirada da certificación.

Medidas Cautelares.

Será de aplicación o definido na Lei 2/2005 do 18 de Febreiro de 2005, concretamente no seu Título V, Capítulo IV “medidas cautelares e preventivas” onde se detalla a adopción, tipos de medidas cautelares, destino dos produtos sometidos a inmovilización cautelar, medidas cautelares respecto de produtos perecedoiros e multas coercitivas.

4.4. Expediente de regularización.

4.4.1. Obxecto do expediente de regularización.

Tomar as medidas precisas, determinar as medidas correctoras, e conferir un prazo ao operador para se pór ao día nas súas obrigas co C.R.A.E.GA e solventar as anomalías ou incumprimentos.

4.4.2. Forma de iniciación.

Os expedientes de regularización iniciaránse co informe da Secretaría do C.R.A.E.GA sobre calquera anomalía ou incumprimento do que a teñan informado os servizos de inspección, ou do que teña constancia en virtude da contabilidade do C.R.A.E.GA, ou da documentación obrante neste.

4.4.3. No mesmo expediente, poderase acumular a totalidade dos incumprimentos detectados nun mesmo operador.

4.4.4. Actuacións previas.

Con anterioridade á iniciación do expediente, poderánse realizar actuacións previas, co obxecto de determinar, con carácter preliminar, se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaránse a determinar, coa meirande precisión posíbel, os feitos susceptíbeis de teren causado a non conformidade, a identificación do produtor responsábel e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.

4.4.5. Iniciación.

- a) A iniciación do expediente de regularización formalizarase co seguinte contido:
 - I. Identificación do operador presuntamente responsábel da existencia dunha non conformidade.
 - II. Os feitos que, sucintamente expostos, xustifiquen a apertura do expediente de regularización.
 - III. As medidas de carácter provisional que se acorden.
 - IV. Identificación do Instructor do expediente que será o/a Secretario/a do C.R.A.E.GA, ou un membro do persoal laboral do C.R.A.E.GA que por causa necesaria o substitúa.
- b) Indicación do dereito para formular alegacións e aportar probas no procedemento, no prazo de 15 días hábiles seguintes á súa notificación.
- c) O acordo de iniciación do expediente comunicaráselle ao instructor, con traslado de cantas actuacións existiren ao respecto, e notificaráselle aos interesados (operadores afectados).

4.4.6. Instrución do expediente.

- a) Os interesados disporán dun prazo de trinta días para aportaren cantas alegacións, documentos ou informacións estimaren convenientes e, no seu caso, proporen probas, concretando os medios de que pretenden valerse. Na notificación indicárase quen son os interesados .
- b) Cursada a notificación a que se refire o punto anterior, o instructor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións lle resultaren necesarias para o exame dos feitos, e recabará os datos e informacións que foren relevantes para os obxectivos do expediente.

4.4.7. Proposta de acordo de Regularización.

O instructor do procedemento formulará proposta de acordo; neste fixaranse, de xeito motivado, os feitos, especificando os que se consideren probados; a proposta conterá algún ou algúns dos seguintes pronunciamentos:

- a) Confirmación ou non da existencia dun incumprimento descrito nos puntos anteriores.
- b) Causas que deron orixe á súa existencia e, no seu caso, medidas necesarias para a regularización do acto causante.
- c) A capacidade sancionadora estará en mans da Consellaría competente.
- d) Prazo conferido para se pór ao día o operador nas súas obrigas co C.R.A.E.GA ou para facer as operacións de regularización.
- e) Advertencia ao operador de que, de non formular oposición á citada proposta de acordo no prazo de trinta días dende a recepción desta, o C.R.A.E.GA. entendera a súa conformidade con esta proposta, que pasará a ter o valor de Acordo de Regularización, e deberá atermos a el obrigatoriamente dende o decimo quinto día dende a súa recepción; terá a consideración de contrato entre o C.R.A.E.GA e o operador afectado.

4.5. Acordo de Regularización.

O operador inscrito poderá aceptar, expresa ou tacitamente, a proposta de acordo emitida polo instrutor, e aprobado polo Presidente, que terá a consideración de contrato entre o C.R.A.E.GA e o operador afectado.

Así mesmo, en calquera momento do procedemento, o interesado e o órgano instrutor poden chegar a un acordo de regularización en que se resolvan, de mutuo acordo, a totalidade dos extremos do expediente; este, agás rexeitamento do Presidente do C.R.A.E.GA mediante resolución motivada, será obrigatorio para o operador afectado, con efectos inmediatos dende o decimo quinto día seguinte á súa inscrición; no restante, observarase o disposto no apartado anterior.

4.6. Protección de intereses.

O C.R.A.E.GA notificará á Consellaría competente as seguintes accións:

- a) Uso indebido da Marca do C.R.A.E.GA.
- b) Utilización de nomes comerciais, marcas, expresións, signos e emblemas que pola súa identidade ou similitude gráfica ou fonética coas denominacións protexidas polo C.R.A.E.GA ou cos seus signos e emblemas característicos, puideren inducir a confusión sobre a natureza ou orixe dos produtos.
- c) Empregar os nomes xeográficos protexidos polo C.R.A.E.GA en etiquetas ou propaganda de produtos non amparados.
- d) Calquera acción que cause prexuízo ou desprestixio á denominación, ou calquera tenda que produza confusión no consumidor respecto a ela.

Tamén poderá exercitar a defensa dos intereses colectivos representados ante calquera Administración ou Tribunal, incluída a impugnación de disposicións de carácter xeral, ante o órgano xurisdiccional competente, mediante acordo do Pleno do C.R.A.E.GA.

4.7. Colaboración coas administracións.

O C.R.A.E.GA comunicarlle ás Administracións competentes todos os feitos que, ao seu xuízo, foren susceptibles de sanción administrativa por incumprimento de normativa europea, estatal ou autonómica dos que tiver coñecemento no cumprimento das súas funcións.

Ademais, no Artigo 15, Punto 3, do Regulamento de Funcionamento está reflectido que, cando o C.R.A.E.GA detecta unha non conformidade constitutiva de infracción, dará conta dos feitos á Consellaría competente en materia de agricultura, para a incoación, se proceder, do correspondente expediente sancionador.

Os expedientes de regularización non son procedementos sancionadores, son un sistema de solución extraxudicial de conflitos entre o operador inscrito e o C.R.A.E.GA, coa finalidade de evitar a entrada no mercado de produtos non conformes, e de lle facilitar ao operador, dentro da súa relación co organismo de control, un medio, o menos gravoso posíbel, para regularizar a súa

produción ou actividade dentro da denominación, no seo das facultades conferidas ao C.R.A.E.GA coma organismo de control dentro do Regulamento C.E.E. que rexe a agricultura ecolóxica.

En consecuencia, a tramitación dun expediente de regularización é expresamente compatíbel coa tramitación, por separado, dun procedemento administrativo sancionador polos mesmos feitos por parte dalgunha das administracións competentes, e sen que ningún dos procedementos prexulgue nin afecte ao outro; cada un deles seguirá o seu propio curso, até a súa completa execución, independentemente.

Segundo o Artigo 64 da Lei 2/2005 do 18 de Febreiro, a potestade sancionadora corresponde á administración da Comunidade Autónoma de Galicia; a documentación da instrución enviaráselle á Delegación Provincial que corresponda ao ámbito territorial onde se detectar a presunta irregularidade. Este informe constará dos seguintes apartados:

- Identificación da acta.
- Presunto inculpado.
- Antecedentes.
- Posíbeis irregularidades:
 - Feitos.
 - Tipificación e cualificación das infraccións.
 - Sanción.

O informe irá dirixido ao correspondente delegado da Consellaría competente.

5. ANEXOS

- Regulamento de Funcionamento do C.R.A.E.GA.
- Regulamento R(CE) nº 834/2007.